



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música  
Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA  
Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767  
cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es  
centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha



**PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE**

**OBOE**

**CURSO 2011-2012**

1.INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA	pag 3
2. OBXECTIVOS XERAIS	pag. 3
3. CONTIDOS XERAIS	pag. 4
<b>Grao Elemental</b>	
1º curso	pag. 5
2º curso	pag. 10
3º curso	pag. 14
4º curso	pag. 19
<b>Grao Profesional</b>	
1º curso	pag. 24
2º curso	pag. 29
3º curso	pag. 34
4º curso	pag. 39
5º curso	pag. 44
6º curso	pag. 49
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	pag. 54
A CLASE COLECTIVA	pag. 55
ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENS.	pag. 56
PROCEDEMENTOS PARA A EVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.	Pag. 57
DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DAS PROGRAMACIÓNS.	pag. 58
PROBAS DE ACCESO	pag. 58
ANEXO II EXAME PREMIO FIN DE GRAO PROFESIONAL	pag. 64

## 1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA

A lei orgánica 2 / 2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2 / 2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

A finalidade do **grao elemental** é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O **grao profesional** ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS

O ensino de instrumentos de vento madeira no **grao elemental** terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

-Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.

-Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

-Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

-Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

-Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

-Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.

-Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento (instrumentos de lingüeta dobre).

-Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

O ensino de instrumentos de vento madeira no **grao profesional** terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumando as capacidades seguintes:

- a) Demostra-la sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade acorde a este nivel.
- c) Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- d) Coñece-las diversas convencións interpretativas vixentes en distintos periodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Practica-la música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

### **3. CONTIDOS XERAIS**

-Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

-Fortalecemento dos músculos faciais.

-Exercicios de respiración sen instrumento e con el (notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire).

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
- Práctica de escalas e intervalos (terceiras, cuartas), controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Emisión do son en relación coas dinámicas e alturas.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, nas articulacións, nos trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras e de fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

#### **4. 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL**

##### **4.1. OBXECTIVOS**

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
- Controlar a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Conseguir unha correcta colocación da cana na boca.
- Acadala presión necesaria coa columna de aire para lograr emitir ca cana o si, do e do sostido.
- Adquirir unha posición de mans e dedos que permita iniciar e máis tarde desenrolar os reflexos que permiten correxila afinación.
- Despertar no alumno interese polo estudio, inculcando un hábito de correcto e eficaz.
- Coñecer algunhas das posibilidades e características do instrumento.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o desenrolo da afinación e a evolución contínua da calidade do son.
- Executar pequenas melodías no primeiro rexistro do instrumento.
- Respectar os diferentes criterios dos compañeiros, tanto en música coma en calquera outra esfera do pensamento.

- Valorar a música de conxunto coma un aspecto fundamental na formación musical.

## **4.2. CONTIDOS**

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, con diversos exercicios tumbados, sentados e de pé.
- Fortalecemento dos músculos faciais e abdominais con exercicios de cana e instrumento ( notas longas e sostidas controlando afinación, son e dosificación do aire).
- Exercicios de presión ca cana, emitindo un do sostido, para acadar unha correcta emisión, afinación e calidade do son.
- Exercicios de vocalización de ata tres alteracións coa finalidade de lograr elasticidade nos saltos de intervalos.
- Exercicios de iniciación o mecanismo basados en tetracordos.
- Emisión do son en diferentes dinámicas e alturas.
- Desenvolvemento da sensibilidade.
- Memorización de pequenos pasaxes.
  
- Exercicios baseados na escala cromática, en notas longas, ascendente e descendente
  
- Traballo en clase sobre a aprendizaxe de pasaxes difíciles para inculcar técnicas de estudo eficaces e adaptadas para cada alumno.
  
- Exercicios de mecanismo e articulación baseados en exercicios de extensión, nas tonalidades de Do maior, Fa maior e Sol maior a diferentes velocidades.

## **4.3 RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **Materiais:**

A Aula de Óboe precisará dispoñer duns medios materiais para a consecución dos obxectivos propostos, sendo imprescindible o seguinte:

- 1.-Espello no que o alumno poda verse todo o corpo.
- 2.-Atril.
- 3.-Instrumentos (óboe e corno inglés).
- 4.-Metronomo e afinador.
- 5.-Piano.
- 6.-Maquinaria necesaria para realizar todo o proceso de confección de canas.
- 7.-Utensilios para a confección de canas: fío, navallas, pestanas, tubos de canas, pedras de afiar, mandril, alicates, alambre, tesouras, calibre, micrómetro, pregubiador, flexo...
- 8.-Métodos, obras, grabador.
- 9.-Aparato de reprodución e grabadora.

**Técnica:**

Exercicios básicos de respiración, dixitación e embocadura.

Escala cromática nunha octava.

**Métodos:**

O meu primeiro ano de oboe

G.Remaud.

Aprende tocando

P.Wastall.

**4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.

- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaje progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

## 4.5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN ORDINARIOS

Para poder realizar unha correcta avaliación do proceso de aprendizaxe, precisamos recoller información que sexa fiable e tamén exacta. Isto obríganos a ter na nosa man unha gran cantidade de recursos e ferramentas que permitan adecuarse ás distintas capacidades e tipos de contido que pretendemos avaliar. Tamén debemos ter en conta que neste proceso non sempre é o profesor o que avalía senón que o alumno tamén debe valorar o seu propio traballo (autoavaliación) de tal xeito que os procedementos de avaliación poidan aplicarse a esta situación.

Entre os principais procedementos de avaliación sinalamos:

**Probas orais:** moi adecuadas se, ademais de valorar os coñecementos do alumno, pretendemos que aprenda a desenvolverse nunha situación na que poda haber oíntes (público ou tribunal examinador)

**Observación sistemática:** para que sexa verdadeiramente efectivo este procedemento, as conclusións deben quedar plasmadas dalgunha forma que nos permita consultalas cando o necesitemos. Isto pódese facer con algunha das seguintes técnicas: **escalas de estimación**, elabórase un listado de indicadores relativos ao que se pretenda avaliar e anótase o grado de consecución ou calidade con escalas verbais (exemplo nunca, case nunca, con frecuencia...) ou numéricas (exemplo valoracións do 1 ao 10); **listas de control**, elaborar un listado de frecuencia ou ausencia ás clases; **rexistros anecdóticos; observación externa**, coa observación externa participan do proceso de avaliación persoas que non participan directamente na actividade escolar. O seu distanciamento permite recoller información e valoracións de carácter complementario.

**técnicas audiovisuais**, utilizadas non tanto como unha ferramenta de avaliación en sí mesmas, senón para que quede constancia do observado.

**traballos de investigación e desenvolvemento realizados polo alumno**, este tipo de traballos danos unha información moi ampla xa que nos permite valorar, ademais da profundidade coa que aborda o alumno o tema tratado, a súa forma de expoñelo, a súa capacidade para expresarse ou os medios e recursos empregados para levalo a cabo.

**informes**, resultan de gran axuda á hora de transmitir información entre os distintos profesionais que estiveran en contacto co alumno. Será labor do profesor escoller os instrumentos e recollida de datos máis adecuados, dependendo do que queremos avaliar, da información que sexa necesaria e das situacións en que se vaia a avaliar.

#### **4.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN**

##### **Exame final para os alumnos que perderon o dereito a avaliación continua.**

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua, por ter máis faltas das permitidas sen xustificar ó longo do curso, faráselles un exame final no que se lles esixirá o seguinte:

Todo o programa do curso nos seus diferentes apartados: técnica, métodos, conteúdos, sonatas, e aplicaráselles os criterios de avaliación que forman parte da presente programación, aplicados ó curso no que se examinen.

##### **Procedementos de recuperación trimestrais**

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre no superado. O alumno que ao final do curso nos consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probas extraordinarias de setembro**.

##### **Medidas de recuperación para cursos pendentes**

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior.

#### **4.7 MÍNIMOS ESIXIDOS**

Traballarase polo menos co método “Aprende tocando el oboe”, chegando como mínimo a unidade 9 do libro, aparte de pequenas pezas populares que o/a profesor/a considere apropiadas, así coma a execución da escala de Do maior e cromática ata o Do4.

#### **4.8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará no mes de Setembro. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

*( O profesor-titor asesorará sempre ao alumno sobre o programa que debe interpretar).*

#### **4.9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

Para concede-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O profesor-titor de óboe será quen propoña a ampliación de matrícula en consenso previo cos demais profesores do alumno.

Disporase durante o primeiro trimestre do curso para presentar a ampliación.

## **5. 2º CURSO GRAO ELEMENTAL**

### **5.1. OBXECTIVOS**

- Potenciar os músculos que interveñen na respiración diafragmática, na formación da embocadura, a flexibilidade da gorxa e a lingua para unha maior eficacia no control e dosificación do aire.
- Afianzar a correcta posición do corpo e o instrumento.
- Insistir na presión sobre a columna do aire para mellorar o timbre e a afinación.
- Comezar a coñecer o sistema/s de atado das canas.
- Desenrolar a sensibilidade auditiva que permita a evolución continua dun bo son e afinación
- Estimularlo alumno/a no referente o interese polo estudio do óboe.
- Adquirir elasticidade nos saltos de intervalos e cambios de rexistro.
- Insistir no valor do silencio como medio eficaz para o rendemento do traballo individual e colectivo.
- Insistir no respecto aos criterios dos demais.
- Adquirir técnicas de estudio correctas e eficaces.
- Interpretar un repertorio básico e progresivo de estudos e pezas solo e con acompañamento de piano.
- Iniciar a estrutura musical : Motivos, frases, cadencias, etc.
- Interpretar en público.
- Practicar a lectura a primeira vista.

### **5.2. CONTIDOS**

- Desenrolo do mecanismo e da articulación.
- Evolución na elasticidade, homoxeneidade e calidade do son e a afinación, especialmente nos saltos de intervalos e cambios de rexistro.
- A dinámica.
- Adquisición de técnicas eficaces de estudio para lograr unha autonomía no traballo e valorar o rendemento persoal.

- Afinación, ritmo e sincronización en conxunto.
- Práctica no inicio do atado de canas.
- Audicións en clase e asistencia a concertos para desenvolver a sensibilidade musical e estética.
- Estudio de pasaxes especialmente dificultosos.
- Practica da lectura a primeira vista.

### **5.3. RECURSOS DIDÁCTICOS**

#### **materiais:**

A Aula de Óboe precisará dispoñer duns medios materiais para a consecución dos obxectivos propostos, sendo imprescindible o seguinte:

- 1.-Espello no que o alumno poda verse todo o corpo.
- 2.-Atril.
- 3.-Instrumentos (óboe e corno inglés).
- 4.-Metrónomo e afinador.
- 5.-Piano.
- 6.-Maquinaria necesaria para realizar todo o proceso de confección de canas.
- 7.-Utensilios para a confección de canas: fío, navallas, pestanas, tubos de canas, pedras de afiar, mandril, alicates, alambre, tesouras, calibre, micrómetro, pregubiador, flexo...
- 8.-Métodos, obras, grabador.
- 9.-Aparato de reprodución e grabadora.

#### **Técnica:**

Exercicios progresivos de respiración. Escalas ata dúas alteracións.

Escala cromática en dúas octavas. Métodos:

Aprende tocando

A.B.0

The relly easy

P.Wastall

M.Giot

R.Hinchliffe

### **5.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

## 5.5 PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

### Ordinarios

Para poder realizar unha correcta avaliación do proceso de aprendizaxe, precisamos recoller información que sexa fiable e tamén exacta. Isto obríganos a ter na nosa man unha gran cantidade de recursos e ferramentas que permitan adecuarse ás distintas capacidades e tipos de contido que pretendemos avaliar. Tamén debemos ter en conta que neste proceso non sempre é o profesor o que avalía senón que o alumno tamén debe valorar o seu propio traballo (autoavaliación) de tal xeito que os procedementos de avaliación poidan aplicarse a esta situación.

Entre os principais procedementos de avaliación sinalamos:

**Probos orais:** moi adecuadas se, ademais de valorar os coñecementos do alumno, pretendemos que aprenda a desenvolverse nunha situación na que poda haber oíntes (público ou tribunal examinador)

**Observación sistemática:** para que sexa verdadeiramente efectivo este procedemento, as conclusións deben quedar plasmadas dalgunha forma que nos permita consultalas cando o necesitemos. Isto pódese facer con algunha das seguintes técnicas: **escalas de estimación**, elabórase un listado de indicadores relativos ao que se pretenda avaliar e anótase o grado de consecución ou calidade con escalas verbais (exemplo nunca, case nunca, con frecuencia...) ou numéricas (exemplo valoracións do 1 ao 10); **listas de control**, elaborar un listado de frecuencia ou ausencia ás clases; **registros anecdóticos**; **observación externa**, coa observación externa participan do proceso de avaliación persoas que non participan directamente na actividade escolar. O seu distanciamento permite recoller información e valoracións de carácter complementario.

**técnicas audiovisuais**, utilizadas non tanto como unha ferramenta de avaliación en sí mesmas, senón para que quede constancia do observado.

**traballos de investigación e desenvolvemento realizados polo alumno**, este tipo de traballos danos unha información moi ampla xa que nos permite valorar, ademais da profundidade coa que aborda o alumno o tema tratado, a súa forma de expoñelo, a súa capacidade para expresarse ou os medios e recursos empregados para levalo a cabo.

**informes**, resultan de gran axuda á hora de transmitir información entre os distintos profesionais que estiveran en contacto co alumno. Será labor do profesor escoller os instrumentos e recollida de datos máis adecuados, dependendo do que queremos avaliar, da información que sexa necesaria e das situacións en que se vaia a avaliar.

## 5.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

### **Exame final para os alumnos que perderon o dereito a avaliación continua.**

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua, por ter máis faltas das permitidas sen xustificar ó longo do curso, faráselles un exame final no que se lles esixirá o seguinte:

Todo o programa do curso nos seus diferentes apartados: técnica, métodos, conteúdos, sonatas, e aplicaráselles os criterios de avaliación que forman parte da presente programación, aplicados ó curso no que se examinen.

### **Procedementos de recuperación trimestrais**

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre no superado. O alumno que ao final do curso nos consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probos extraordinarias de setembro**.

## **Medidas de recuperación para cursos pendentes**

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior.

### **5.7 MÍNIMOS ESIXIDOS**

Chegar ata unidade 18 do método “Aprende tocando el oboe”, aparte de pequenas pezas adaptadas ó nivel do/a alumno/a, así coma a execución de escalas ata dúas alteracións e cromática, ata o Do5. Interpretación de pequenos fragmentos a primeira vista con coherencia.

### **5.8 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará no mes de Setembro. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

*( O profesor-titor asesorará sempre ao alumno sobre o programa que debe interpretar).*

### **5.9 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

Para concederla ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza. Ademais observarse o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O profesor-titor de óboe será quen propoña a ampliación de matrícula en consenso previo cos demais profesores do alumno.

Disporase durante o primeiro trimestre do curso para presentar a ampliación.

## **6. 3º CURSO GRAO ELEMENTAL**

### **6.1 OBXECTIVOS**

- Practicar escalas e arpexios, maiores e menores nas tonalidades de ata catro alteracións propias.

- Practicar exercicios de extensión en terceiras e cuartas nos modos maior e menor e nas tonalidades de ata dúas alteracións.

- Axilizar o mecanismo e a articulación.
- Continuar co atado das canas e coñecer o tipo/s de raspado das mesmas.
- Ampliar a gama dinámica.
- Ampliar o repertorio con diferentes estilos musicais.
- Practicar a lectura a primeira vista.

## **6.2 CONTIDOS**

- Axilización do mecanismo, elasticidade e homoxeneidade do son.
- Axilización das distintas articulacións.
- Enriquecemento da gama dinámica.
- Ampliación do repertorio de obras de distintos estilos.
- Lectura a primeira vista.
- Atado de canas e coñecemento do tipo/s de raspado.
- Actuacións en público.

## **6.3 RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **Materiais:**

A Aula de Óboe precisará dispoñer duns medios materiais para a consecución dos obxectivos propostos, sendo imprescindible o seguinte:

- 1.-Espello no que o alumno poda verse todo o corpo.
- 2.-Atril.
- 3.-Instrumentos (óboe e corno inglés).
- 4.-Metrónomo e afinador.
- 5.-Piano.
- 6.-Maquinaria necesaria para realizar todo o proceso de confección de canas.
- 7.-Utensilios para a confección de canas: fío, navallas, pestanas, tubos de canas, pedras de afiar, mandril, alicates, alambre, tesouras, calibrador, micrómetro, pregubiador, flexo...
- 8.-Métodos, obras, grabador.
- 9.-Aparato de reprodución e grabadora.

### **Técnica:**

Escala cromática ata Mib. Escalas ata tres alteracións.

### **Métodos:**

Aprende tocando	P.Wastall.
Oboenschule	B.Doemens.
80 estudos	Davies-Harrys.

### **Obras con acompañamento de piano:**

Aiobics	P.Verral.
Classical and romantic pieces	P.Forbes.
Nessum dorma	G.Puccini.
Piece V	C.Franck.
Sonatine	A.Ameller.

## **6.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.

- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o

dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

## 6.5 PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

### Ordinarios

Para poder realizar unha correcta avaliación do proceso de aprendizaxe, precisamos recoller información que sexa fiable e tamén exacta. Isto obríganos a ter na nosa man unha gran cantidade de recursos e ferramentas que permitan adecuarse ás distintas capacidades e tipos de contido que pretendemos avaliar. Tamén debemos ter en conta que neste proceso non sempre é o profesor o que avalía senón que o alumno tamén debe valorar o seu propio traballo (autoavaliación) de tal xeito que os procedementos de avaliación poidan aplicarse a esta situación.

Entre os principais procedementos de avaliación sinalamos:

**Probos orais:** moi adecuadas se, ademais de valorar os coñecementos do alumno, pretendemos que aprenda a desenvolverse nunha situación na que poda haber oíntes (público ou tribunal examinador)

**Observación sistemática:** para que sexa verdadeiramente efectivo este procedemento, as conclusións deben quedar plasmadas dalgunha forma que nos permita consultalas cando o necesitemos. Isto pódese facer con algunha das seguintes técnicas: **escalas de estimación**, elabórase un listado de indicadores relativos ao que se pretenda avaliar e anótase o grado de consecución ou calidade con escalas verbais (exemplo nunca, case nunca, con frecuencia...) ou numéricas (exemplo valoracións do 1 ao 10); **listas de control**, elaborar un listado de frecuencia ou ausencia ás clases; **rexistros anecdóticos**; **observación externa**, coa observación externa participan do proceso de avaliación persoas que non participan directamente na actividade escolar. O seu distanciamento permite recoller información e valoracións de carácter complementario.

**técnicas audiovisuais**, utilizadas non tanto como unha ferramenta de avaliación en sí mesmas, senón para que quede constancia do observado.

**traballos de investigación e desenvolvemento realizados polo alumno**, este tipo de traballos danos unha información moi ampla xa que nos permite valorar,

ademais da profundidade coa que aborda o alumno o tema tratado, a súa forma de expoñelo, a súa capacidade para expresarse ou os medios e recursos empregados para levalo a cabo.

**informes**, resultan de gran axuda á hora de transmitir información entre os distintos profesionais que estiveran en contacto co alumno. Será labor do profesor escoller os instrumentos e recollida de datos máis adecuados, dependendo do que queremos avaliar, da información que sexa necesaria e das situacións en que se vaia a avaliar.

## **6.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN**

### **Exame final para os alumnos que perderon o dereito a avaliación continua.**

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua, por ter máis faltas das permitidas sen xustificar ó longo do curso, faráselles un exame final no que se lles esixirá o seguinte:

Todo o programa do curso nos seus diferentes apartados: técnica, métodos, conteúdos, sonatas, e aplicaráselles os criterios de avaliación que forman parte da presente programación, aplicados ó curso no que se examinen.

### **Procedementos de recuperación trimestrais**

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre no superado. O alumno que ao final do curso nos consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probos extraordinarias de setembro**.

### **Medidas de recuperación para cursos pendentes**

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior.

## **6.7 MÍNIMOS ESIXIDOS**

Os estudos mínimos para este curso son:

terminarase co método "Aprende tocando el oboe". A execución de escalas ata tres alteracións e cromática, ata o Mi b 5. No referente ás obras deberanse interpretar polo menos tres de distintos estilos, unha delas de memoria. Interpretación de pequenos fragmentos a primeira vista con coherencia.

## **6.8 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará no mes de Setembro. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

*( O profesor-titor asesorará sempre ao alumno sobre o programa que debe interpretar).*

## **6.9 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

Para conceder a ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza. Ademais observárase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O profesor-titor de óboe será quen propoña a ampliación de matrícula en consenso previo cos demais profesores do alumno.

Disporase durante o primeiro trimestre do curso para presentar a ampliación

## **7. 4º CURSO GRAO ELEMENTAL**

### **7.1 OBXECTIVOS**

- Traballar son e afinación.
- Practicar escalas e arpexios, maiores e menores, nas tonalidades con sete alteracións propias.
- Practicar exercicios de extensión en terceiras e cuartas, nos modos maior e menor, nas tonalidades con cinco alteracións.
- Interpretar estudos acordes o nivel.
- Interpretar obras de estilos diferentes con acompañamento de piano e con público.
- Capacitar o/a alumno/a das destrezas necesarias para que sexa capaz de atar correctamente as canas.

### **7.2 CONTIDOS**

- Evolución do mecanismo, elasticidade, homoxeneidade e calidade do son nas distintas tonalidades.
- Interpretación de estudos e obras programados para este nivel.
- Mentalización para a proba de acceso para chegar a ela con seguridade e posibilidades de éxito.

- Confección de canas a nivel básico, inicio do proceso de raspado.

### 7.3 RECURSOS DIDÁCTICOS

#### **Materiais:**

A Aula de Óboe precisará dispoñer duns medios materiais para a consecución dos obxectivos propostos, sendo imprescindible o seguinte:

- 1.-Espello no que o alumno poda verse todo o corpo.
- 2.-Atril.
- 3.-Instrumentos (óboe e corno inglés).
- 4.-Metrónomo e afinador.
- 5.-Piano.
- 6.-Maquinaria necesaria para realizar todo o proceso de confección de canas.
- 7.-Utensilios para a confección de canas: fío, navallas, pestanas, tubos de canas, pedras de afiar, mandril, alicates, alambre, tesouras, calibrador, micrómetro, pregubiador, flexo...
- 8.-Métodos, obras, grabador.
- 9.-Aparato de reprodución e grabadora.

#### **Técnica:**

Escala cromática ata Fa. Escalas ata 5 alteracións

#### **Métodos:**

Método progresivo  
80 estudos

J.Sellner.  
Davies-Harrys.

#### **Obras con acompañamento de piano:**

Largo e Allegretto  
Suite en So1M  
Peza en Solm  
Microjazz  
Interludes

B.Marcello.  
J.Fischer.  
G,Pierné.  
Ch.Norton.  
G. Jacob

### 7.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.

- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

## **7.5 PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN Ordinarios**

Para poder realizar unha correcta avaliación do proceso de aprendizaxe, precisamos recoller información que sexa fiable e tamén exacta. Isto obríganos a ter na nosa man unha gran cantidade de recursos e ferramentas que permitan adecuarse ás distintas capacidades e tipos de contido que pretendemos avaliar. Tamén debemos ter en conta que neste proceso non sempre é o profesor o que avalía senón que o alumno tamén debe valorar o seu propio traballo (autoavaliación) de tal xeito que os procedementos de avaliación poidan aplicarse a esta situación.

Entre os principais procedementos de avaliación sinalamos:

**Probos orais:** moi adecuadas se, ademais de valorar os coñecementos do alumno, pretendemos que aprenda a desenvolverse nunha situación na que poda haber oíntes (público ou tribunal examinador)

